



CONSELLO PARROQUIAL LÉREZ CASA DE CULTURA 14/12/2017

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- Asociación de veciños
- Asociación cultural Cristo
- Cofradía
- Pilar Comesaña

A concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña expón os distintos proxectos que hai para os distintos lugares de parroquia. Tamén escoita as peticións que lle fan dende o consello parroquial.

A FONTAIÑA

A obra de asfaltado da pista de terra que comunica o barrio de A Fontaiña co novo vial que vai a Monteporreiro, preto da ponte da Palabra, está xa adxudicada e a piques de començar. Ten un orzamento aproximado de 236.000 €, e está incluído o arranxo da baixada que leva ao río Lérez.

CASALNOVO-O CASTELO

Nos vindeiros días se vai firmar o convenio coa Diputación para a construción de canaletas de recollida de augas da estrada que vai a Verducido, nas zonas de Casalnovos e O Castelo. O orzamento supera os 200.000 € debido a complexidade do desvío de augas en varias zonas, así como ao aumento de metros de canaletas (casi o dobre das inicialmente proxectadas)

RAMALLÁS

Conseguíuse por fin a firma de todos os propietarios para que deixen colocar as tuberías do saneamento na zona. En breve comenarán as obras.

Estase coa redacción do proxecto de asfaltado e acondicionamento da zona

- Derribo da casa do principio da vía para poder realizar unha pequena plaza e a súa vez facer unha entrada máis ampla que de acceso ao barrio.
- Saneamento dende a entrada ata o novo tramo do que xa está feito o proxecto.
- Estudio para implantar o sentido único de circulación, a partir das diferentes peticións feitas polos veciños.

PARQUE INFANTIL

Ao longo dos vindeiros meses avanza na súa tramitación, unha vez entre en vigor a nova lei de contratos. O obxectivo é telo rematado o vindeiro ano.

PETICIÓNS:

- Asfaltado da segunda metade da estrada de subida ao colexio. Dende o cruce de A Piolla ata o cruceiro de Casalnovos.
- Estudio de tráfico no barrio de Casaldourado e posterior acondicionamento do mesmo.
- Arranxo da curva da pista que leva a igrexa, onde está a fonte. A concelleira informa que como non é de titularidade municipal (pertence á igrexa) non vai a ser posible.